

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 14 DE MAIO DE 2012.

En Bergondo, a 14 de maio de 2012 sendo as 18.00 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, na biblioteca do Centro Sociocultural de A Senra (Bergondo).

Asistentes:

- o D. Antón Sánchez García, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Sindicato Labrego Galego).
- o D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- o D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa sectorial de asociacións xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza).
- o D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva”).
- o D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- o D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- o Dña. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación.
- o D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- o Dña. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- o D. Uxio Rey Fernández en representación da *Mesa do sector institucional* (Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia)
- o D. Carlos Vales Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- o D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- o Dña. Florinda Duarte Gerpe, Concelleira de Educación, Emprego e Comercio do Concello de Carral, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG's* (ASPACE).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en calidade de asesor externo da Asociación “Mariñas – Betanzos”.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbbase a Acta da sesión anterior.

2. SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER 2007-2013.

A estratexia de desenvolvemento concibida pola Asociación “Mariñas – Betanzos” ten como obxectivo final o de “asegurar un modelo de desenvolvemento sostible no territorio de Mariñas – Betanzos, a través da valorización do territorio e incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local e a creación de emprego, sempre partindo dos recursos locais, do patrimonio natural e cultural”.

Para acadar este obxectivo, ademais da xestión dun Programa LEADER, téñense posto en marcha outras iniciativas que se enmarcan nun proxecto aglutinador, que pivota sobre a declaración do territorio como Reserva da Biosfera por parte da UNESCO. O Programa Man and Biosphere (MaB), busca precisamente poñer territorios como exemplo de que é posible compatibilizar desenvolvemento sostible coa conservación ambiental, demostrando que é posible crear emprego e mellorar a calidade de vida local utilizando os propios recursos de xeito sostible.

A declaración como Reserva da Biosfera ven a fortalecer e dar cobertura á estratexia de desenvolvemento que, a Asociación “Mariñas – Betanzos” está a impulsar desde o ano 2009, e que se ten centrado en:

APOIAR AO SECTOR AGROALIMENTARIO, coa perspectiva de avanzar na sostibilidade da actividade, aproveitando a situación estratéxica (urbano-rural) do territorio e tendo conta o novo marco socioeconómico que obriga a buscar solucións que minimicen o impacto do encarecemento e dependencia dos combustibles fósiles, así como do crecemento do desemprego. Algunhas das accións postas en marcha son:

- Animar a mobilidade e a posta en valor das terras agrarias, a través do Banco de Terras.
- Recuperación e conservación da biodiversidade ligada á agricultura.
- Fomento das prácticas agrícolas sostibles, promovendo o cultivo de variedades locais e animando o seu consumo.
- Fomentar a comercialización agroalimentaria a través de canles curtas e de proximidade, achegando os produtos frescos aos consumidores en pequenos prazos de tempo e loitando deste modo fronte ao cambio climático.
- Promover a transferencia tecnolóxica ao sector a través das xornadas técnicas e a colaboración cos axentes do sector (centros investigacións, técnicos, profesionais).
- Dar a coñecer as producións agroalimentarias de Mariñas – Betanzos (Guía de produtores agroalimentarios).

APOIAR AO SECTOR AGROFORESTAL, tendo en conta a importancia das producións forestais no territorio de “Mariñas – Betanzos”, o elevado número de empresas da cadea da madeira (1ª e 2ª transformación) é necesario actuar para mudar a estrutura do solo con vocación forestal. Neste sentido desde a Asociación “Mariñas – Betanzos”, estase a traballar para:

- Animar a xestión en común das propiedades forestais, co obxectivo de acadar parcelas dimensionadas e unha xestión sostible das mesmas.
- Promover a valorización enerxética da biomasa.

APOIAR AO EMPRENDEMENTO E Á XERACIÓN DE EMPREGO SOSTIBLE, no actual marco ou coxuntura socioeconómica faise preciso artellar propostas innovadoras que faciliten a xeración de emprego sostible. Así, a perspectiva futura é a creación dunha incubadora de ideas e iniciativas emprendedoras sostibles e que partan da cooperación entre os distintos axentes sectoriais. Na actualidade vense traballando para:

- Desenvolver formación no ámbito agrario, dirixida a demandantes de emprego, co obxectivo de facilitar a súa incorporación laboral pola vía da capacitación e intermediación laboral.
- Achegar a realidade do “día a día” do sector hortofrutícola aos participantes a través das prácticas laborais en explotacións do territorio.

- Asesoramento e acompañamento a emprendedores (PROGRAMA LEADER)

2.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS PROGRAMA LEADER:

2.1.1.- AMPLIACIÓN ENTIDADE ADICADA AO REFUXIO DE ANIMAIS II (L12-41100-29-0170):

Con data 12 de marzo de 2012, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda dun proxecto non produtivo para a ampliación dunha entidade adicada ao refuxio de animais en Coirós.

A entidade promotora é a Asociación “Gatocan”, que xa tivo unha axuda do Programa Leader para a construción de 20 canís. Este novo proxecto consiste na construción de 5 gateiras para asistir e coidar a un maior número de gatos que se atopan en situación de desamparo.

Con este proxecto os animais recollidos non serían sacrificados e gozarían dos coidados precisos para o seu benestar ata que foran adoptados.

Por outra banda os concellos poderían contar cun servizo de recollida de animais abandonados de calidade. Investimentos do proxecto: obra civil da construción das gateiras.

Este proxecto sitúase no municipio de Coirós, no lugar coñecido como Monte das Colmeas (nucleo Lesa). Ten cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado IV. Servizos para a economía e a poboación rural.

A entidade con este novo proxecto non se compromete a crear emprego.

Investimentos do proxecto: construción de 5 gateiras que ascenden a 96.533,90.- € (81.808,39.- € sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 61 puntos. A porcentaxe máxima deste proxecto non produtivo ascende a 50% (48.266,95.-€) sobre un orzamento elixible de 96.533,90.-€.

D. Fernando Bandín, representante da Asociación O Rabo do Galo, traslada a posibilidade de comentarlles se tamén poderían recoller as tartarugas “galápagos de Florida” que están a provocar problemas por soltas incontroladas.

A Xunta Directiva acepta a proposta.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.2.- ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA EXPOSICIÓN, PUNTO VENDA, DEGUSTACIÓN E FORMACIÓN (L12-41100-29-0178):

Con data 30 de marzo de 2012, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto produtivo “Acondicionamento de local para exposición, punto de venda, degustación”.

A entidade promotora é a sociedade limitada “Casa Pousadoira S.L.” que na actualidade adícase ao turismo rural e ao cultivo de hortalizas e froitas no lugar da Pousadoira (Miño)

O proxecto consiste no acondicionamento dun espazo para adicalo a aula de formación e degustación de produtos agroalimentarios do territorio Mariñas-Betanzos, así como para exposición e venda destes produtos.

Ten cabida na medida 411 Aumento do valor engadido dos produtos agrarios. Proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios.

A entidade con este proxecto non se compromete a crear emprego.

Investimentos do proxecto: obra civil da aula, mobiliario, instalación calefacción e equipamento (proxeutor, frigorífico).

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 13.570.- € (11.500.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 61,66 puntos. A porcentaxe de axuda deste proxecto ascende a 40,83% (4.695,45.-€) sobre un orzamento elixible de 11.500.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.3.- CREACIÓN CENTRO HÍPICO EN CARRAL (L12-41300-29-0182):

Con data 04 de marzo de 2012, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda do proxecto produtivo “Creación centro hípico en Carral”.

O promotor do proxecto é a persoa física, Roberto Ares Mosquera, que na actualidade conta cun centro hípico en Cambre, onde adícase a doma de cabalos, impartición de clases e aluguer de caballerizas.

Debido a que está tendo máis demanda, o promotor quere ampliar o negocio coa creación dun novo centro en Carral. Ten cabida na medida 413 Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida, no apartado I.Prestación de servizos á poboación.

A entidade con este proxecto comprométese a crear emprego equivalente a 1 emprego colectivo desfavorecido.

Investimentos do proxecto: obra civil do centro hípico.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 160.000.- € (135.593,22.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 75 puntos. A porcentaxe deste proxecto produtivo ascende a 45% (61.016,95.-€) sobre un orzamento elixible de 135.593,22.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER

2.1.4.- PUNTO DEGUSTACIÓN EN ADEGA DE PADERNE (L12-41100-29-188).

Con data 16 de abril de 2012, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda do proxecto produtivo “Punto degustación en Adega en Paderne”.

O promotor do proxecto é a sociedade civil “Bodega Viña Ártabra S.C. que quere crear un punto de degustación nunha adega en Paderne.

Este proxecto consiste na creación dun punto de degustación na adega que estase construíndo en Paderne. Ten cabida na medida 411 Dinamización do sector agrario e forestal.

A entidade promotora non se compromete a crear emprego.

Investimentos do proxecto: mobiliario, colocación e subministro de auga, instalación eléctrica e adecuación do camiño de acceso á adega.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 30.000.- € (25.423,73.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 59,5 puntos. A porcentaxe máxima deste proxecto produtivo ascende a 39,75% (10.105,93.-€) sobre un orzamento elixible de 25.423,73.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.5.-DINAMIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR AGROFORESTAL. MODERNIZACIÓN DE SERVICIOS NO MEDIO RURAL (L12-41300-29-190).

Con data 23 de abril de 2012, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda do proxecto produtivo “Dinamización e diversificación do sector agroforestal: Modernización de servizos no medio rural”. O promotor do proxecto é a sociedade limitada “Agroforestal Candal S.L.”situada en Carral.

Ten cabida na medida 413 Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Apartado II. Modernización de PEMES.

O proxecto consiste na mellora e modernización de empresa de servizos no medio rural, especialmente en materia de aproveitamento forestal e agrogandeiro. Preténdese mellorar os servizos prestados as explotacións forestais e agrogandeiras, especialmente no tratamento e procesado de biomasa. A entidade promotora non se compromete a crear emprego.

Investimentos do proxecto: Trituradora-descachopadora (martelos), desbrozadora-trituradora (de brazo), remolque forestal, tractor con grupo electrógeno móbil, esteladora-fenedora, trituradora de pradeiras e embolsadora de gran.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 323.155,92.- € (273.860,95.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 62 puntos. A porcentaxe deste proxecto produtivo ascende a 41% (112.282,99.-€) sobre un orzamento elixible de 273.860,95.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER

2.1.6.- AFORRO ENERXÉTICO NA ALIMENTACIÓN EN EXPLOTACIÓNS (L12-41100-29-192).

Con data 24 de abril de 2012, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda do proxecto produtivo “Aforro enerxético na alimentación en explotacións”.

O promotor do proxecto é a sociedade cooperativa “CUSOVIAME S.C.G. que se adica á fabricación e venda de piensos.

Ten cabida na medida 411 Dinamización do sector agrario e forestal, no apartado 3. Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais.

Este proxecto consiste na adquisición de dous carros mesturadores para a realización das mezclas unifeed nas explotacións agrarias, para deste xeito aforrar custos enerxéticos das explotacións agrarias mediante a compra de maquinaria de xeito conxunto coa finalidade de optimizar recursos, mellorar as producións e a calidade de vida dos agricultores.

A entidade promotora comprométese a crear un emprego colectivo desfavorecido.

Investimentos do proxecto: dous carros mesturadores.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 193.520.- € (164.000.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 67 puntos. A porcentaxe máxima deste proxecto produtivo ascende a 43,50% (71.340.-€) sobre un orzamento elixible de 164.000.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER

2.2. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER (2007-2013).

2.2.1 Fabricación de cadros eléctricos especiais, para subministro eléctrico (L11-41300-29-0092).

Con data 23 de marzo de 2011 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a creación dunha empresa de fabricación de cadros eléctricos especiais, para subministro enerxético.

A entidade promotora do proxecto é a sociedade de recente creación “Aplicacións Tecnolóxicas de Cadros Eléctricos S.L.” que vaise ubicar no Concello de Coirós. Un dos socios é enxeñeiro industrial e bo coñecedor do sector.

O proxecto consiste na creación dunha empresa no Concello de Coirós que vai fabricar e montar cadros eléctricos de distribución, manobra e control, destinado a sistemas industriais, automatización, coxeneración e telefonía entre outros usos.

Estos produtos innovadores combinan a funcionalidade, a instalación simple e a estética, cunha importante redución de custos de produción.

Os investimentos desta iniciativa consisten na execución da obra civil da nave, maquinaria, mobiliario e equipamento informático.

A innovación deste proxecto está na innovación dos produtos combinando a funcionalidade, a instalación simple e a estética, cunha importante redución de custos de produción.

Este proxecto produtivo encaixaría na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado II.Creación de Pemes.

A entidade promotora adquire o compromiso de creación de emprego equivalente a dous traballadores a xornada completa durante un período de 5 anos.

Con data 16 de abril de 2012, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente, condicionado á presentación dun certificado ou acreditación de que a axuda do Ministerio de Industria non estea financiada total ou parcialmente con fondos de procedencia comunitaria

Este proxecto acadou un total de 73 puntos, correspondéndolle un 34,55% de axuda, resultando un importe de 93.151,04.-€ de axuda, sobre un orzamento elixible de 269.612,27.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

2.3. INFORME PROXECTOS DENEGADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013.

2.3.1 POSTA EN VALOR DE ELEMENTOS DO PATRIMONIO ADICAOS Á AUGA EN ABEGONDO (L11-41200-29-0090)

Con data 22 de marzo de 2011 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a posta en valor de elementos do patrimonio adicados á auga do Concello de Abegondo

Este proxecto consiste na posta en valor de diferentes elementos do patrimonio arquitectónico, fontes e lavadoiros do Concello de Abegondo.

Con data 30 de abril de 2012, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas-Betanzos” Informe Desfavorable de Agader por considera que carecen de valor patrimonial sen aparente valor etnográfico.

Agader considera que toda edificación realizada con elementos nobres (pedra, madeira) que teña máis de 100 anos de antigüidade, pode considerarse un ben cultural polo que a súa recuperación pode ser subvencionada dentro do Programa Leader.

A Xunta Directiva acorda unha resolución desfavorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER e poder proceder ao peche do expediente.

2.3.2 POSTA EN VALOR DE ELEMENTOS DO PATRIMONIO ADICAOS Á AUGA EN CARRAL (L11-41200-29-0084)

Con data 31 de xaneiro de 2011 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a posta en valor de elementos do patrimonio adicados á auga do Concello de Carral.

Este proxecto consiste na posta en valor de diferentes elementos do patrimonio arquitectónico, fontes e lavadoiros do Concello de Carral, todos eles relacionados coa auga acompañado da identificación e protección das especies vexetais do entorno.

Con data 28 de marzo de 2011, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Desfavorable de AGADER por considerar os lavadoiros e fontes de recente construción e polo tanto carecen de valor patrimonial. Agader considera que toda edificación realizada con elementos nobres (pedra, madeira) que teña máis de 100 anos de antigüidade, pode considerarse un ben cultural polo que a súa recuperación pode ser subvencionada dentro do Programa Leader.

A Xunta Directiva acorda unha resolución desfavorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER e poder proceder ao peche do expediente.

2.3.3 RECUPERACIÓN DE FONTES NAS PARROQUIAS DE VIÑAS E VELOUZÁS EN PADERNE (L11-41200-29-0090)

Con data 27 de marzo de 2011 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a recuperación de fontes nas parroquias de Viñas e Velouzás en Paderne

Este proxecto consiste na posta en valor de diferentes elementos do patrimonio arquitectónico, fontes do Concello de Paderne.

En vista dos informes remitidos por Agader respecto aos anteriores proxectos, solicítase o arquivo do expediente.

A Xunta Directiva acorda unha resolución desfavorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER e poder proceder ao peche do expediente.

2.3.4 PROXECTO PILOTO PARA A POSTA EN VALOR DAS TERRAS DE ABEGONDO (L12-41300-29-0158)

Con data 03 de xaneiro de 2012 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para o proxecto piloto para a posta en valor das terras do Concello de Abegondo.

Este proxecto non produtivo consiste na posta en marcha dun servizo, coa creación dun sistema e no asesoramento aos propietarios dos montes de Abegondo baseado na proximidade, como ferramenta para no futuro orientar na toma de decisións e na formulación de proxectos en función das características fisiográficas, sociais e económicas de cada zona, espertando os intereses dos propietarios polo seus propios recursos, así como establecer sinerxías entre propietarios.

Con data 22 de marzo de 2012, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Desfavorable de AGADER por considerar que o proxecto non ten encadramento no Réxime de Axudas Leader 2007-2013 por ser unha asistencia técnica para o deseño dunha base de datos e un sistema de información xeográfica para rexistro de parcelas.

Posteriormente o Concello de Abegondo presenta unha reformulación do proxecto, elaborándose un novo ICE que consistía na adquisición dunha aplicación informática adaptada que leve incorporado unha base de datos asociada a un sistema de información xeográfica, que permita rexistrar a todos os propietarios de parcelas do Concello de Abegondo.

Con data 20 de abril de 2012, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Desfavorable de AGADER por considerar que este proxecto non é complementario coas políticas que se aplican na comunidade autónoma de Galicia xa que o servizo de asesoramento aos propietarios de terras tería cabida no eixe 1 do PDR de Galicia (1.1.5. Implantación de servizos de xestión, substitución e asesoramento).

A Xunta Directiva acorda unha resolución desfavorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER e poder proceder ao peche do expediente.

2.4. SOLICITUDE MODIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA AXUDA DO PROXECTO “L11-41100-29-0096 INVESTIMENTOS NO SECTOR AGRARIO COA POSTA EN MARCHA DAS NOVAS PRODUCIÓNS

Con data 24 de Abril de 2012, a entidade promotora “Frutas Geixade S.C.” solicita un cambio nos investimentos inicialmente solicitados e que se detallan a continuación.

A entidade promotora vai plantar a variedade de kiwi Soreli cada 2,5 m sen instalar pérgola e facendo un emparrado na superficie da finca polo que reduciríase o número de plantas de kiwi solicitadas inicialmente. Tamén quere substituir a metade de planta "Soreli" pola variedade nova chamada "Bo Erica" máis resistente as xeadas. Este cambio permite contar cunha superficie para pasar o motocultor sen dificultade, ademais de obter un aforro no investimento de plantación de kiwi "Soreli" solicitada.

Nesta fase de execución do proxecto, a entidade promotora ve a necesidade de dispor de dous pozos para a rega e dun enganche e instalación de enerxía eléctrica para o funcionamento da bomba dos pozos.

Ademais as novas plantacións de kiwi demandan a utilización dunha sulfatadora e un motocultor necesarias para o cultivo.

Os investimentos quedarían da seguinte maneira:

Investimento aceptado na resolución de concesión de axuda	Importe	Investimento final coas modificacións solicitadas	Importe
Planta kiwi "Soreli" (2.100 uds.)	16.800.-€	Planta kiwi "Soreli" (422 uds.) e "Bo Erica" (392 uds.)	4.232.-€
Estructura pérgola	2.080.-€	Taxas Enganche eléctrico	359,37.-€
		Postes instalación eléctrica	2.724,86.-€
		Instalación de dous pozos	4.980.-€
		Sulfatadora (1 ud.)	2.330.-€
		Motocultor (1 ud.)	3.214,41.-€
TOTAL	18.880.-€	TOTAL	17.840,64.-€

A Xunta Directiva autoriza a modificación da resolución de concesión de axuda onde se incorporen os novos investimentos, sendo comunicada a AGADER.

3. CANDIDATURA RESERVA DA BIOSFERA: ÓRGANO DE XESTIÓN.

Informar ao respecto das Mocións Institucionais da Candidatura a Reserva da Biosfera que os 18 concellos aprobaron esta Moción nos seus Plenos, estando pendente de entregar a certificación Plenaria o Concello de Oza dos Ríos.

3.1. PROPOSTA CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Se presenta ante os asistentes a proposta de Convenio coa Deputación Provincial da Coruña, e que foi enviado a todos os membros da Xunta Directiva como Anexo II.

A Xunta Directiva aproba esta proposta, absténdose o representante da Asociación Rabo do Galo, D. Fernando Bandín.

3.2. PROPOSTA ÓRGANO DE XESTIÓN (VER ANEXO III).

3.3. DIÁGNOSE + DAFO (VER ANEXO IV)

3.4. LIÑAS ESTRATÉXICAS (VER ANEXO V)

3.5. CRONOGRAMA (VER ANEXO VI)

A Xunta Directiva acorda crear unha Comisión específica para elaborar proposta para a Xunta Directiva, que estara formada por:

- Xerencia do Programa LEADER 2007-2013 do GDR Mariñas – Betanzos.
- Presidencia do GDR Mariñas – Betanzos.
- Representante da Asociación do Rabo do Galo. D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas*
- Representante do CEIDA. D. Carlos Vales Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional*
 - Representante da Asociación Cultura Aberta de Carral. D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas.*
- José Francisco Castro Vilariño. Asesor Externo do GDR Mariñas – Betanzos.

Se informa que máis adiante convocaríase dende a Xunta Directiva unha Asemblea Xeral Extraordinaria de “Mariñas – Betanzos” co único punto na orde do día “Presentación da Candidatura da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, así como a posible modificación dos Estatutos, caso de ser necesario.

4. PROGRAMA DE VOLUNTARIADO “MARIÑAS – BETANZOS” .

As accións ofertadas ao voluntariado desde “Mariñas – Betanzos” neste 2012 están estruturadas en 4 liñas:

1. Plan de desenvolvemento do sector agroalimentario (2007-2013).
2. Candidatura a Reserva da Biosfera do territorio.
3. Incorporación das novas tecnoloxías ás empresas do sector.
4. Fomento enerxías renovables e aforro enerxético.

Ao respecto do Programa de Voluntariado, informar que no “punto de encontro” da páxina web do voluntariado galego (<http://www.voluntariadogalego.org/web/index.php>) está inscrita a Asociación “Mariñas – Betanzos”.

Tamén na páxina web da Asociación (www.marinasetanzos.com) hai un formulario de inscrición para participar como persoal voluntario na Asociación.

O día 27 de abril temos recibido a petición dunha persoa interesada (Miguel García Álvarez) en participar como voluntaria na Asociación. O perfil desta persoa é de Técnico Superior en Saúde Ambiental e Química Ambiental.

O día 7 de maio temos recibido a petición doutra persoa interesada (Andrés Rodríguez Pereira) en participar como voluntaria na Asociación. O perfil desta persoa é de Licenciado en Bioloxía. Estudos Avanzados.

Informar que para acoller persoal voluntario, o GDR Mariñas – Betanzos, deberá ter en vigor un Seguro de Accidentes e outro de Responsabilidade Civil.

A Xunta Directiva acorda aceptar a estas dúas persoas como persoal voluntario do GDR Mariñas – Betanzos, acordando tamén que se estudie cada proposta en concreto pola Xunta Directiva.

D. Fernando Bandín, propón incorporar unha liña específica de “conservación do patrimonio natural”, aprobándose esta proposta, que será incorporada ao Programa de Voluntariado de Mariñas – Betanzos, dándolle a correspondente difusión.

5. SEGUIMIENTO PROGRAMA “AGROEMPREGA”.

Data fin accións formativas: 30/06/2012

Data fin execución do Programa: 30/10/2012

O día 27 de marzo de 2012 tense presentado no Concello de Abegondo o Programa de Prácticas non laborais ás empresas do territorio. As prácticas comezaron a finais do mes de abril.

O número de empresas que están a participar no Programa acollendo alumnado para facer prácticas son 25.

Os membros da Xunta Directiva, teñen recibido todos un informe actualizado do Seguimento do Programa, que foi como Anexo VII á Convocatoria.

6. SEGUIMIENTO PROXECTO DE COOPERACIÓN “NOVOS HORIZONTES” (2010-2013)

Na procura de sinerxías e tentando fusionar e vincular ámbolos dous proxectos (Agroemprega e Novos Horizontes), o materia vexetal xerado e implantado na Finca Experimental está, por unha banda a ser propagado na propia finca e por outra, a ser distribuído entre todos aqueles produtores que amosen interese ao respecto. Os resultados da implantación de dito material vexetal será obxecto de seguimento por parte do proxecto “Novos Horizontes”.

O material vexetal repartido é o seguinte:

Material	Nº de plantas	Material	Nº de plantas
Tomate Negro Santiago	347	Pemento Arnoia	95
Tomate Ourense	157	Pemento Vilanova	50
Tomate Abuela Osedo	22	Pemento Couto G10-117	32
Pemento Oímbra	91	Pemento Couto G10-120	26
Pemento Punxín	113	Pemento Piñeira	58

Este material foi repartido, aparte de entre os propios alumnos do Programa, a 10 produtores do territorio.

ACCÍONS QUE SE DESENVOLVERAN NESTE ANO EN NOVOS HORIZONTES (2012).

SEGUIMIENTO E APOIO TÉCNICO

1. SEGUIMIENTO TÉCNICO DE PARCELAS DEMOSTRATIVAS.
2. APOIO E ACONSELLAMENTO TÉCNICO A EMPRENDEDORES.
3. ELABORACIÓN PLANS DE EMPRESA (producción de kiwi, frambuesa, mazá, nogueira, castaño, cultivos hortícolas).
4. IDENTIFICACIÓN DE OPORTUNIDADES PARA AS PRODUCIÓNS ECOLÓXICAS LOCAIS.

INCORPORACIÓN DE ACTIVOS E ANIMAR A MOBILIDADE DE TERRAS AGRARIAS

5. IDENTIFICAR UNHA BOLSA DE EXPLOTACIÓNS PARA ALUGAR/MERCAR, HORTAS, INVERNADOIROS E FACILITAR INFORMACIÓN ON-LINE.
6. DIFUSIÓN DO BANCO DE TERRAS DE GALICIA.

DIFUSIÓN E FOMENTO DO CONSUMO – CIRCUITOS CORTOS

7. ANIMAR O ACHEGAMENTO ENTRE CONSUMIDORES E PRODUTORES LOCAIS.
8. EDITAR UN CALENDARIO DE PRODUCIÓNS.
9. ELABORACIÓN DE UN FOLLETO CON INFORMACIÓN SOBRE VARIEDADES LOCAIS HORTÍCOLAS / BOLSA COMPRA.
10. REALIZACIÓN DE CATAS (xullo).

CONSERVACIÓN DE VARIEDADES LOCAIS

11. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN SOBRE VARIEDADES LOCAIS E CESIÓN DE MATERIAL FITOXENÉTICO AOS BANCOS DE XERMOPLASMA PÚBLICOS.
12. MULTIPLICACIÓN DE MATERIAL FITOXENÉTICO EN PARCELA DEMOSTRATIVA.
13. DESENVOLVER O I ENCONTRO DE MARIÑAS – BETANZOS PARA O INTERCAMBIO DE SEMENTES.
14. PROMOVER A CREACIÓN DUNHA ASOCIACIÓN DE CULTIVADORES DE VARIEDADES LOCAIS.
15. ANIMAR O REXISTRO DE VARIEDADES LOCAIS COMO VARIEDADES DE CONSERVACIÓN.

FORMACIÓN

16. DESENVOLVER CURSO SOBRE AGRICULTURA ECOLÓXICA E AGRICULTURA URBANA.

PROPOSTA OBRADOIRO DE AGRICULTURA ECOLÓXICA

■ OBXECTIVOS

- Divulgar prácticas de agricultura ecolóxica cunha relación respectuosa co medio ambiente, formando a persoas interesadas.
- Fomentar o emprego de variedades hortícolas autóctonas.
- Dar a coñecer cultivos tradicionais e outra producións novidosas.
- Fomentar as relacións persoais entre os membros do grupo e a participación en iniciativas locais sustentables.

■ DESTINATARIOS

Persoas interesadas en formas de vida saudables e respectuosas coa terra e co medio ambiente en xeral e coa agricultura ecolóxica en particular.

■ **UBICACIÓN E INSTALACIÓNS**

Invernadoiro de 1.000 m² e parcela de 1 ha sitas no Lugar de Vilartó – Santa M^a de Vigo (Cambre).

■ **NÚMERO MÍNIMO DE ASISTENTES**

As prazas dispoñibles serán 30, debéndose cubrir polo menos o 80% (24) para posibilitar a impartición do curso.

Conformaranse dous grupos de traballo independentes nos que se repartirán os inscritos de maneira equitativa e homoxénea.

■ **DURACIÓN DO CURSO E HORARIO**

Meses de Xullo, Agosto e Setembro.

Horario: dúas xornadas semanais de 3 horas de duración (unha por grupo de traballo); (horario orientativo 18:00 – 21:00 h).

■ **COSTE**

60 €/persoa e mes. Total do curso: 180 €/persoa.

PROGRAMA DE TRABALLO

1. Presentación do curso e dos participantes
 - Cuestionario previo e visita á finca de prácticas.
 - Identificación e características xerais dos cultivos implantados baixo cuberta e ao aire libre.
 - Identificación de variedades autóctonas.
2. Recoñecemento do solo: toma de mostras, determinación do pH, materia orgánica e textura.
3. Ferramentas básicas para traballos na horta, tanto manuais como mecánicas: usos.
4. Planificación da horta: orientación, distribución de bancas, elección de cultivos. Cortaventos naturais, asociacións e rotacións.
5. Preparación de semilleiros: fundamentos e materiais.
6. Labores a realizar nos diferentes cultivos implantados: poda de tomate e pemento, recolección de foroitos, contros de herbas adventicias, rega,....
7. Plantas aromáticas e medicinais: identificación, propiedades e usos.
8. Protección de cultivos en agricultura ecolóxica. Pragas e enfermidades máis comúns, métodos e tratamentos a aplicar.
9. Preparados de plantas insecticidas e vigorizantes: purín de ortiga,...
10. Fertilización orgánica e sustentable: elaboración e posta en marcha dun composteiro.
11. Elaboración dun calendario de sementeira e colleita. A lúa e as constelacións e a súa influencia nos cultivos. Calendario lunar.
12. Colleita e conservación de sementes. Creación dun banco de sementes autóctonas.
13. A certificación en agricultura ecolóxica.

PROXECTO DE COOPERACIÓN: CALIDADE AGROALIMENTARIA.

Proponse que entre as actuacións previstas para o ano 2012, dentro deste proxecto de Cooperación no que participa “Mariñas – Betanzos” como entidade asociada, xunto con outros 34 Grupos de Desenvolvemento Rural nacionais, dos que 13 son galegos, traballarase nesta anualidade coas adegas incluídas na denominación “Viño da Terra de Betanzos”, na súa mellora produtiva e para recibir visitas guiadas.

7. SEGUIMIENTO PROXECTO DE COOPERACIÓN “TERRITORIOS RURAIS COMPROMETIDOS NA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO” (2011-2013).

Proposta aforro enerxético municipal (2012).

A Asociación “Mariñas-Betanzos”, participa dende o ano 2011 no proxecto de cooperación “Territorios rurais fronte ó cambio climático”, conxuntamente con outros oito Grupos de Desenvolvemento Rural de toda España, e que financia el Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Os obxectivos deste proxecto buscan contribuír á redución das emisións de CO2 nos territorios asociados, tratando de que as oficinas LEADER traballen pola loita contra o cambio climático dunha forma próxima ós veciños.

Entre as accións que a Asociación “Mariñas-Betanzos” pretende realizar nesta anualidade de 2012, se pretende fomentar o aproveitamento da biomasa con fins térmicos nas administracións locais, promovendo o uso desta enerxía renovable nos edificios e instalacións públicas, xa que se considera que son estas as entidades que deben dar exemplo fomentando a eficiencia enerxética.

Desta maneira estase traballando á vez en varios dos eixos marcados como liñas fundamentais a seguir no proxecto, como son: Eixe 1. Aforro e eficiencia enerxética, Eixe 2. Fomento das enerxías renovables e Eixe 6. Transversal: Información, participación e sensibilización.

Concretamente, con esta proposta se pretende realizar un asesoramento técnico ós concellos que forman parte da Asociación que se mostren interesados en colaborar, no posible cambio dos sistemas actuais de calefacción a instalacións de aproveitamento de biomasa con fins térmicos para sistemas de calefacción e xeración de auga quente sanitaria (ACS).

As accións que se levarían a cabo serían:

Identificación de edificios públicos con alto consumo enerxético (casa consistorial, biblioteca municipal, auditorio, centros médicos, instalacións deportivas, centros educativos, etc.) e distribución xeográfica no terreo dos mesmos.

- Comprobación do consumo actual en cada instalación e estimación do aforro que podería conlevar o cambio do combustible actual a biomasa.

- Estudo e avaliación económica básica dos cambios necesarios en equipamentos (queimadores, caldeiras, depósitos, ou a posibilidade de instalación de calefaccións centrais o “district heating”) e tipo de biomasa: pellets, briquetas, astillas, etc., que sería máis recomendable.
- Xornada de divulgación sobre o aproveitamento da biomasa e difusión dos resultados obtidos.
- Publicación na páxina web do proxecto dunha memoria coas accións e resultados realizados e dunha guía orientativa sobre a utilización da biomasa para usos térmicos.

Este cambio no combustible empregado na actualidade nestes edificios (normalmente gasóleo ou gas) **implicaría diferentes e numerosos beneficios:**

- Aforro no gasto en combustible, estimado nun mínimo dun 40%.
- Redución nas emisións de CO₂ á atmosfera.
- Creación de empresas e postos de traballo no ámbito local (se estima que a biomasa crea 15 veces máis emprego que os combustibles fósiles).
- Redución de incendios por un maior e mellor aproveitamento das masas forestais existentes na zona, fomentando a xestión forestal sostible.
- Independencia da variación de prezos en combustibles que veñen do mercado externo.

Para a realización destas tarefas contrataríase a un enxeñeiro de montes durante un período de 3 meses (maio, xuño e xullo), podendo dar continuidade á persoa que leva 10 meses traballando no proxecto piloto da Fundación Caixanova para a posta en valor do monte. Esta persoa sería a encargada de desenvolver as diferentes accións enumeradas anteriormente.

A Xunta Directiva acorda a contratación desta persoa por 3 meses, dentro deste proxecto de cooperación.

8. OUTRAS ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN “MARIÑAS – BETANZOS”

8.1. XORNADA TÉCNICA: TURISMO E XESTIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS NA ÁREA METROPOLITANA DE A CORUÑA.

Dende o Consorcio das Mariñas nos teñen informado que vai celebrarse o día 18 de maio de 2012 no Restaurante O Pantano (Orto – Abegondo) a partir das 17 horas esta Xornada Técnica. O obxecto destas xornadas é involucrar aos diferentes concellos da área metropolitana de A Coruña coa finalidade de comezar a construír unha rede de participación activa para a difusión dos seus intereses turísticos e ambientais e, deste xeito, acadar un desenvolvemento sostible do territorio enmarcado no proceso de formulación da Candidatura da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

A entrada é libre, previa inscrición.

8.2. I ROMARÍA DO PORCO CELTA Ó ESPETO. ARTEIXO 2012.

Celebrarase o día 19 de maio de 2012 a partir das 12 horas en Arteixo. O deseño e programación deste evento realizouse por parte de ASOPORCEL (Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta).

Os obxectivos xerais desta actividade son: Promoción do turística do Concello de Arteixo e a súa comarca; Dinamización da economía de Arteixo e o seu eixe comercial; Promoción dos nosos produtos de calidade.

“Mariñas – Betanzos” participa neste evento, aportando experiencias que axuden a concienciar ó consumidor sobre os beneficios do consumo responsable (potenciar o consumo dos produtos locais, concienciar á poboación da relación directa existente entre o consumo no entorno e as melloras na calidade de vida da poboación local). Darase información do Programa LEADER e dos proxectos nos que está a participar a Asociación.

8.3. X FESTA DO PAN DE CARRAL

Celebrase o días 12 e 13 de maio de 2012 en Carral, organizada pola Asociación de Panadeiros de Carral coa colaboración do Concello de Carral.

“Mariñas – Betanzos” participará neste evento, cun stand onde darase información do Programa LEADER e outros proxectos nos que está a participar a Asociación.

8.4. PRESENTACIÓN GUÍA DE PRODUTORES AGROALIMENTARIOS MARIÑAS – BETANZOS.

Infórmase aos membros da Xunta Directiva que esta presentación terá lugar o mércores día 23 de maio de 2012 no Salón azul, do Edificio O Liceo do Concello de Betanzos, estando previsto que asistan representantes das 29 entidades que participan na publicación, agardando poder facer unha degustación ao remate do acto.

9. ROGOS E PREGUNTAS:

9.1. SOLICITUDE MODIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA AXUDA DO PROXECTO “L10-41300-29-0034 MODERNIZACIÓN DE FÁBRICA DE MADEIRAS”

Con data 04 de Maio de 2012, a entidade promotora “Vales Coruña S.L.” solicita unha prórroga na xustificación final do proxecto ata o 31 de xullo de 2012 e a rescisión do compromiso adquirido de creación de emprego (2 empregos).

O motivo é que dadas as circunstancias actuais, a entidade promotora non pode cumprir o compromiso de emprego adquirido.

A non creación de emprego implicaría unha baixada na baremación do proxecto e polo tanto na porcentaxe de axuda.

Este proxecto tiña acadado 70 puntos e unha axuda do 45%. Coa rescisión do compromiso de creación de emprego a puntuación baixaría ata 52 puntos o que daría lugar a unha axuda do 36%.

A Xunta Directiva autoriza a modificación da resolución de concesión de axuda onde se contemple a non creación do emprego e o novo prazo de execución.

9.2. SOLICITUDE MODIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA AXUDA DO PROXECTO “L10-41300-29-0029 PROXECTO INTEGRAL, SOSTIBLE E DIVULGATIVO DO SECTOR LÁCTEO”

Con data 04 de Maio de 2012, a entidade promotora “Cooperativa Agraria Provincial de A Coruña S.C.G.” solicita unha prórroga na xustificación final do proxecto ata o 31 de agosto de 2012.

O motivo é que está a espera de obter a licenza de obra e de apertura do establecemento.

A Xunta Directiva autoriza a modificación da resolución de concesión de axuda onde se contemple o novo prazo solicitado.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 19.30 horas. A continuación celébrase no Salón de Actos da Senra a Asemblea Xeral de Socios de Mariñas – Betanzos.

En Bergondo, a 14 de maio de 2012

A Secretaria
Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e praxe Presidencia
Asdo.: D. José A.Santiso Miramontes